



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL QUE XULGARÁ OS EXERCICIOS E AVALIARÁ OS MÉRITOS ACREDITADOS POLOS/AS ASPIRANTES PRESENTADOS/AS Ó CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 8 SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NA PRAIA DE LAXE E NA PISCINA MUNICIPALAS PRAIAS DO CONCELLO E A PISCINA MUNICIPAL, DURANTE 2 MESES PARA A TEMPORADA 2023.

Na Casa do Concello de Laxe (A Coruña), sendo as 11.15 h do día 26/06/2024, reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que xulgará os exercicios e avaliará os méritos acreditados polos/as aspirantes presentados/as ao concurso-oposición para a contratación laboral temporal de 8 socorristas para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento na praia de Laxe e na piscina municipal.

Asisten os seguintes membros do tribunal:

Presidente: Julio Torreira López, coordinador-monitor deportivo deste concello.

Vogais: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello.

José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello.

Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

Secretaria: Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello.

O sr. Presidente declara constituído o Tribunal e acto seguido procédese de seguido a realización dos exercicios da **fase de oposición**, sinalados na base octava do procedemento de selección.

FASE DE OPOSICIÓN:

Primeiro exercicio.-De carácter obrigatorio e eliminatorio. NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS, consistirá en recorrer a nado unha distancia dende un punto do areal sinalado polo tribunal ata o lugar onde se atope unha boia de sinalización ou embarcación. Chegados ata esta, os aspirantes virarana segundo as agullas do reloxo, deixándoa ó seu costado dereito. O punto de saída e chegada establecerase polo tribunal cunha distancia á beiramar entre 5m- 15m dependendo do perfil da praia e da situación da marea.

Valoraranse os mellores tempos segundo o detallado na táboa seguinte:

TEMPO	1º MELLOR TEMPO	2º MELLOR TEMPO	3º MELLOR TEMPO	4º MELLOR TEMPO	5º MELLOR TEMPO	RESTO PERSOAS PARTICIPANTES	PERSOAS QUE NON REMATAN A PROBA
PUNTUACIÓN	5	4	3	2	1	0	Eliminado/a

Os aspirantes que non rematen este exercicio serán eliminados deste proceso selectivo.

As puntuacións por cada un/unha dos/as aspirantes foron as seguintes:

Núm.	Apelidos e nome	Tempo 1º Exercicio	PUNTUACIÓN (Máx. 5 ptos)
1	BARCIA GARCIA, SILVIA	2 min, 9 seg, 15 cs	5
2	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	2 min, 29 seg,	0
3	MÉNDEZ REYES, FABIO	2 min, 18 seg, 09 cs	4
4	MIRA COUSILLAS, MANUEL	2 min, 19 seg, 48 cs	2
5	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	2 min, 50 seg, 25 cs	0
6	RAMOS MIRA, LAURA	2 min, 19 seg, 22 cs	3
7	SANTOS CHARLIN, BIEITO	2 min, 20 seg, 19 cs	1

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

8	TOJA ALVAREZ, ANGEL	2 min, 24 seg, 53 cs	0
---	---------------------	----------------------	---

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. CORRER NA PRAIA, carreira de 100 metros na area. A proba farase descalzo e de forma individual. Puntuarase ata 5 puntos, de acordo co seguinte baremo (expresado en segundos): Puntuarase ata 5 puntos, de acordo co seguinte baremo (expresado en segundos):

TEMPO	14,49 menos	ou	De 14,99 a 14,50	De 16,49 a 15,00	De 16,99 a 16,50	De 20,00 a 17,00	Máis de 20,00
Puntuación	5		4	3	2	1	Eliminado/a

Os aspirantes que realicen este exercicio nun tempo superior a 20 segundos quedarán eliminados deste proceso selectivo

As puntuacións por cada un/unha dos/as aspirantes foron as seguintes:

Núm.	Apelidos e nome	Tempo 2º Exercicio	Puntuación (Máx. 5 pts)
1	BARCIA GARCIA, SILVIA	15 seg, 93 cs	3
2	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	17 seg, 10 cs	1
3	MÉNDEZ REYES, FABIO	14 seg, 81 cs	4
4	MIRA COUSILLAS, MANUEL	13 seg, 44 cs	5
5	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	14 seg, 38 cs	5
6	RAMOS MIRA, LAURA	15 seg, 69 cs	3
7	SANTOS CHARLIN, BIEITO	15 seg, 09 cs	3
8	TOJA ALVAREZ, ANGEL	16 seg, 78 cs	2

Terceiro exercicio.- Exercicio teórico

De carácter obrigatorio. Contestar nun máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal composto por 20 preguntas tipo test relacionadas coas funcións propias dun socorrista acuático, lexislación básica e sobre o municipio de Laxe. A puntuación máxima deste apartado será de 10 puntos.

Na casa do Concello ás 12:38 horas ten lugar a realización desta proba.

O tribunal decide anular a pregunta número 7 do exame tipo test porque é errónea e substituíla pola primeira pregunta de reserva.

As puntuacións por cada un/unha dos/as aspirantes foron as seguintes:

Núm.	Apelidos e nome	Puntuación (Máx. 10 pts)
1	BARCIA GARCIA, SILVIA	9
2	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	9
3	MÉNDEZ REYES, FABIO	9,5
4	MIRA COUSILLAS, MANUEL	8
5	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	5
6	RAMOS MIRA, LAURA	9

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

7	SANTOS CHARLIN, BIEITO	9,5
8	TOJA ALVAREZ, ANGEL	9,5

Cuarto exercicio.- Acreditación do coñecemento da lingua galega (Apto/a ou Non apto/a): de carácter obrigatorio e eliminatorio para os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega segundo a base 4ª.

Todas as persoas aspirantes acreditaron o coñecemento da lingua galega, polo que non é necesario a realización desta proba.

Acto seguido procédese a valoración dos méritos acreditados na Fase de concurso por cada un dos aspirantes:

FASE DE CONCURSO:

Procédese á valoración dos méritos da fase de concurso, de acordo coa base 8 das bases de selección:

“No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

A.- Experiencia profesional como socorrista en postos similares: 0,20 puntos por mes, ata un máximo de 4,00 puntos.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo funcionario competente do organismo correspondente que reflicte as tarefas desempeñadas.

B.- Formación profesional específica (puntuación máxima: 1,00 punto).

- *Por ter realizado un curso de manexo de desfibrilador externo semiautomático (Desa) impartido por persoal cualificado: 0,50 puntos.*
- *Título habilitante para o manexo de embarcacións de recreo, de conformidade co establecido no Real Decreto 875/2014, de 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno de embarcacións de recreo: patrón de embarcacións de recreo (PER) ou patrón navegación básica (PNB) ou autorización/licenza federativa para o manexo de embarcacións, valoraranse:*
 - *Autorización/licenza federativa: 0,25 puntos*
 - *Patrón navegación básica (PNB): 0,75 puntos*
 - *Patrón embarcacións de recreo (PER) ou superior: 1 punto*

Só se valorará a acreditada de maior puntuación.

Os méritos deste apartado acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.”

Con respecto á experiencia laboral de Bieito Santos Charlin como socorrista na praia de Laxe na tempada do ano 2022, para o que ten solicitado un certificado de servizos prestados, o tribunal comproba a súa experiencia laboral neste concello de Laxe dende o 01/07/2022 ata o 31/08/2022, polo que se lle valora no apartado de experiencia profesional.

As puntuacións por cada un/unha dos/as aspirantes foron as seguintes:

Núm.	Apellidos e nome	Experiencia (máx.4 pts)	Formación (máx. 1 pto)	Total fase de concurso
1	BARCIA GARCIA, SILVIA	0	0,5	0,5
2	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	0	0	0
3	MIRA COUSILLAS, MANUEL	0	0	0
4	MÉNDEZ REYES, FABIO	1,20	0,5	1,70
5	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	0	0,25	0,25
6	RAMOS MIRA, LAURA	0,80	0,50	1,30

Alejandra Castro

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

7	SANTOS CHARLIN, BIEITO	2,00	0,25	2,25
8	TOJA ALVAREZ, ANGEL	0,40	0,5	0,90

O resultado final da fase de concurso-oposición é o seguinte:

Núm.	Apelidos e nome	Fase de oposición (Máx. 20 pts)	Fase de concurso (Máx. 5 pts)	Total
1	BARCIA GARCIA, SILVIA	17	0,50	17,50
2	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	10	0	10,00
3	MÉNDEZ REYES, FABIO	17,50	1,70	19,20
4	MIRA COUSILLAS, MANUEL	15	0	15
5	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	10	0,25	10,25
6	RAMOS MIRA, LAURA	15	1,30	16,30
7	SANTOS CHARLIN, BIEITO	13,50	2,25	15,75
8	TOJA ALVAREZ, ANGEL	11,50	0,90	12,40

A continuación o Tribunal procede a formar a **Relación de aprobados/as** pola orde de puntuación total obtida por cada aspirante:

Núm.	Apelidos e nome	Puntuación total
1	MÉNDEZ REYES, FABIO	19,20
2	BARCIA GARCÍA, SILVIA	17,50
3	RAMOS MIRA, LAURA	16,30
4	SANTOS CHARLÍN, BIEITO	15,75
5	MIRA COUSILLAS, MANUEL	15,00
6	TOJA ÁLVAREZ, ÁNGEL	12,40
7	PENSADO PÉREZ, BRAYAN	10,25
8	GONZÁLEZ ANTELO, SARA	10,00

E xa que logo e consonte co disposto na base novena da convocatoria, o Tribunal acorda:

PRIMEIRO. Propoñer ao sr. Alcalde designar a Fabio Méndez Reyes, Silvia Barcia Garcia, Laura Ramos Mira, Bieito Santos Charlín, Ángel Toja Álvarez e Brayan Pensado Pérez como socorristas para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento na praia de Laxe.**SEGUNDO.** Propoñer ao sr. Alcalde designar a Manuel Mira Cousillas e Sara González Antelo como socorristas para o Servizo de vixilancia, rescate e salvamento na piscina municipal do Concello de Laxe.**TERCEIRO.** Propoñer ao sr. Alcalde designar a Bieito Santos Charlín como coordinador-socorrista.**CUARTO.** Publicar a relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica deste concello.**QUINTO.** Elevar a presente acta ao sr. Alcalde, consonte ao disposto no parágrafo catro da base novena da convocatoria.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Concello de Laxe

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo o sr. presidente que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros presentes do Tribunal, sendo as 13:30 h do día ao principio sinalado, do que certifico.

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

A SECRETARIA

OS VOCAIS